

REGULAMENTO DA III SAN SILVESTRE MACEDA 2024

31 de decembro do 2024

1. Organización:

O Concello de Maceda será o organizador do evento.

Será a terceira edición que dita entidade organice a carreira da San Silvestre que transcorrerá polas rúas da vila de Maceda, tendo a saída e a chegada na Praza das Toldas de Maceda.

Poderán participar desde a idade de 2 anos en adiante sempre acompañados dos seus pais ou familiares autorizados polos mesmos.

Queda totalmente prohibido participar con calquera animal e a organización non se fará responsable das persoas que corran polo percorrido sen o dorsal outorgado pola organización.

ANÍMASE a participar con calquera tipo de DISFRACE, mentres se mostre claramente o dorsal do participante e non supoña molestias ao resto de corredores.

2. Horarios e Distancias:

O evento terá lugar o martes día 31 de decembro do 2024 e o horario será con saída ás 12:00 horas da Praza das Toldas de Maceda para a distancia de 5 km tendo que completar 2 voltas a un percorrido de 2,5 km e ás 12:45 horas para o percorrido de 500 metros.

3. Inscricións:

As inscricións serán de balde e poderán realizarse a través da web <https://sportmaniacs.com/es/services/inscription/iii-san-silvestre-maceda-2024> ou na app do concello <https://appreservas.com/reservas.../664f15b80e2067005f8af090>, ata o vindeiro 30 de decembro de 2024 ás 15:00 horas.

As inscricións abriranse o luns día 16 de decembro e pechásense o luns día 30 de decembro ás 15:00 horas.

Soamente se admitirán inscricións o mesmo día da proba si aínda quedan prazas ata completar o número máximo de persoas aseguradas determinado pola póliza de accidentes contratada por este Concello para este evento en particular.

4. Dorsais:

A recollida dos dorsais farase o mesmo día 31 de decembro do 2024 na Praza das Toldas de Maceda no horario de 11:00 h a 12:00 horas.

5. Percorrido da Proba:

Os tracks dos dous percorridos pódense visualizar ou descargar premendo nos seguintes enlaces:

Percorrido de 2,5 km: <https://es.wikiloc.com/rutas-carrera/san-silvestre-percorrido-2-5-km-121682781>

Percorrido de 500 m: <https://es.wikiloc.com/rutas-carrera/san-silvestre-percorrido-500-m-121682823>

Para a distancia de 5 km, os corredores deberán de realizar 2 voltas completas ao percorrido de 2,5 km.

6. Avituallamentos:

Ao finalizar a proba haberá un avituallamiento líquido, para todos os participantes da carreira que estará situada na meta da Praza das Toldas de Maceda.

7. Vehículos:

Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os asignados pola organización.

8. Cronometraxe:

Ao ser unha proba non competitiva, non contaremos coa realización dunha cronometraxe.

9. Normas de seguridade:

É obrigatorio atender as indicacións dos controis e os corpos de seguridade e voluntariado da organización.

É obrigatorio socorrer a un participante que demande auxilio.

A organización poderá retirar da competición a calquera participante, e quitarlle o seu dorsal, cando considere que teña mermadas as súas capacidades físicas ou técnicas por causa da fatiga e o desgaste da proba, garantindo así a súa seguridade. Se o mesmo, unha vez retirado o dorsal, decide continuar, será unicamente baixo a súa responsabilidade e fóra de toda vinculación coa carreira e a súa organización.

Nos cruces prégase moita precaución e atención aos vehículos en circulación, pois o percorrido no permanecerá cortado ao tráfico rodado.

10. Seguros:

A proba conta con seguro de responsabilidade civil dos participantes e seguro de accidentes deportivos dos participantes, con cobertura mínima do seguro deportivo regulado no RD 849/1993 do 4 de xuño e o seguro de responsabilidade civil da organización, E R.D.1428/2003.

11. Suspensión da proba:

A organización resérvase o dereito a suspender a proba, si as condicións climatolóxicas así o requiren ou por calquera outro motivo de forza maior que poida por en risco a integridade física dos participantes na proba.

12. Regulamento e reportaxe fotográfico:

Todos os participantes polo feito de inscribirse aceptan o presente regulamento e autorizar á organización ao uso das imaxes e videograbación por dron realizadas durante o evento para publicar tantos nas redes sociais como en prensa.